



O FARELO

Nº 39
Marzo de 2020
Prezo: 2 euros

XORNAL CULTURAL PARA O LECER

Campionato de España Absoluto de Atletismo en Expourense



Páxina XII

Ourense e Montalegre estreitan lazos de cooperación



Páxina XII

O PSdeG denuncia 160 contratos menores a dedo de Baltar



Páxinas XIII

O alcalde busca na Xunta melloras para A Peroxa



Páxina XIII

Xornada de traballo e formación de EFA en Madrid



Páxina XIV

O Pereiro e Esgos terán sendas peonís na estrada OU-536



Páxina XVI



38 Feira do Viño de Chantada 6, 7 e 8 de marzo

Entrevista



Bieito Alonso, historiador

“O anarquismo permitía mobilizarse na Galicia de comezos do século XX”

Páxina XI

Restaurante

El Jamón y el Churrasco

con sabor a Galicia

91 579 03 50 - 91 570 03 19

Infanta Mercedes, 64 28020 Madrid

www.jamonychurrasco.com



Opinión

Por Avelino Jácome

Xente do redor, ao pan, pan, e ao viño, viño

Unha tarde calquera nun faladoiro, xuntáronse tres artistas, tres amigos; un pintor moi recoñecido, un escultor moi importante e un escritor pequeniño.

O pintor, un bruxo da pincelada, Miguel Ángel Martínez Coello, un mestre do retrato que ao longo de cincuenta anos foi debuxando Ourense e outros tantos sitios, non as paisaxes, non os monumentos, se non as súas xentes, esas caras que conforman o vivir dunha persoa, xente do redor: atoparedes un rapaciño que coñeceu de neno, unha moza escritora, ou un

xenio do periodismo, ou da escultura, así desfilan pola súa creación; Acisclo Manzano, Carlos Casares, Ricardo Outeiriño, Marina Sánchez, Armando Lastra, Pepe González, músicos, poetas, escritores, pintores e xentes máis do común, que fan un mundo de xenialidade na contorna de Ourense e na súa propia, como unha experiencia vital cargada de humanidade.

Por outra banda compre destacar a figura de Tony Ferrer, que coa súa galería na rúa Canle, a carón do auditorio ourensán, pon a casa para os persoeiros, unha casa onde se poden contemplar, formando

a historia de Ourense. Escultor de recoñecido prestixio acompasa a súa creatividade, coa capacidade para valorar e levar a súa galería aos máis destacados representantes das chamadas artes plásticas, todo elo dun xeito sinxelo coa humildade dos grandes.

E por último este pequeno “escribideiro”, Avelino Jácome, que o único mérito que teño se e que teño algún, foi poñelos de acordo para levar adiante este magno proxecto, e implicar a empresa de comunicación e publicidade Orixe que teño a honra de dirixir, no patrocinio e divulgación, dentro das accións de publicidade cultural, que xa vimos realizando ao longo de moitos anos.

Con estes vimbios fíxose o cesto, e agora xa se poden contemplar os trinta primeiros retratos, ídesvos sorprender da mestría e da calidade, da captación das miradas que mostran a alma do retratado, un mirar doce pero real, cargado de agarimo, de maxia e de cor.


Son os trinta primeiros, ao longo de seis meses irán desfilando moitos máis, trinta cada mes, e cada xoves unha homenaxe especial a un dos persoeiros, todo isto adobado con actos en prol da cultura: recitais de poesía, actuacións musicais, presentación de novidades editoriais, un compendio de “culturalidade”, onde

Ourense recobre o pulo daqueles artistas, e enfrente este novo século como se merece, sendo un referente.

Todo este conxunto de actividades, feito dende a iniciativa particular sen ningún tipo de axuda pública, sen débedas, nin favores, facendo da arte, arte, e chamándolle ás cousas polo seu nome, ao pan, pan, e ao viño, viño, e a xente elixida, Xente do Redor, deberíades pasar todos a vela, porque se cadra tamén estas ti querido lector, non si?



Ferrer, Jácome e Coello na exposición.



PLATOS TÍPICOS GALLEGOS
MARISCADAS PARA LLEVAR



Santa Brígida, 1
28004 MADRID
Tel. 91 521 98 54
Tel. 91 531 33 93

www.marisqueriaribeiradomino.com



Baldomero Iglesias Dobarro, Mero.

Operación “Jaro”

As presas e presos políticos fan saber, por medio dun comunicado, que a represión, aínda, nos cárceres do estado non debe estrañar a ningún e que non é nada novo. Con metodoloxías que distan moito do que se ten crido por fóra. Que seguen como hai moito tempo cando se empregaban métodos sibilinos e des-estabilizadores, ademais de saber que poñen couto a opcións políticas que non van polo seu rego, o do desexo oficial, anque entran na legalidade vixente pois son opcións políticas e sociais así recoñecidas, para diverxer e contradicir, para discrepar e disenter. Son presas e presos que teñen a súa idea independentista, correctísima e que, en dignidade, lles impide tragar “sapos” e aceptar conciliacións, fuxidas ou covardías como métodos de reparación dun mal que non fixeron. De tal xeito acontece, que doce militantes independentistas van

ser xulgados na Audiencia Nacional, no medio das presións condenatorias e represivas que desde todos os eidos arremeten contra a causa galega.

Nas súas persoas se simboliza a acusación contra o activismo social e público que desenvolveron, efectivamente, sempre nas canles legais establecidas. Con estes feitos o que se demostra é o estreitamento da lei cando se trata de defender dereitos civís e liberdades públicas, así como a memoria de Galiza. Enfróntanse, por iso, a unha petición da fiscalía de 102 anos de cadea. E todo por reunirse, facer asembleas, convocar palestras e manifestacións ou editar propaganda. Todo isto forma parte desa involución “democrática” que, animada pola extrema dereita que se empoleirou nas altas instancias xudiciais e cos corpos represivos, cuestiona á xente da canción, do teatro, da arte e expresión, da literatura, activistas contra a especulación inmo-

liaria, xornalistas e avogados que poidan defender a causa galega e social ou, simplemente, aqueles que consideran perdidas as condicións indispensables dunha vida digna.

As formalidades do proceso, como poden supor, están cheas de carencias e abundan en presuncións de culpa que nada evidencian, moito menos a verdade, como tantas veces sucedeu e que mesmo corrixen desde ámbitos internacionais que poñen en dúbida as decisións destes organismos paralelos dunha xustiza que nega o dereito da contestación social, da crítica a un modelo económico social de miserias, depredador e que nos aniquila. Iso si que é evidente.

Contra eses postulados de recortes e de fames, de inhabilitacións, de prohibicións e censuras, de desafuzamentos, de despidos inmorais, de traballos en precario, de afronta contra os nosos signos máis sensibles de pertenza, estaban e están de fronte, claro que si. Pero iso está ben, pois é a denuncia que pretende corrixir erros que nos ameazan constantemente e

como pobo, no dereito a ser en dignidade e a manifestarnos como o que somos, en propiedade e dereito. Ou non era

ese o paraíso prometido? Onde van aqueles que deben protexer a discrepancia, para desde ela acudir á razón e ao entendemento? Por que unha Audiencia Nacional que prevé delitos que non houbo, organizacións armadas que non teñen armas nin sabemos da súa existencia. Pero que pasa aquí? Semella que todos estamos tolos e pervertidos na sospeita, na dúbida, nos medos que nos escandalizan e ao mesmo tempo paralizan.

Eles, agora, metidos xa no lío en que os meteron, só queren garantes para poder expresarse, para poder demostrar que nada malo fixeron e, moito menos, que sexa punible en calquera estado de “dereito”. E móstranse unha vez máis contra esta represión que os/nos ameaza, que os culpabiliza antes aínda de seren xulgados.



A rede cidadá de colaboradores de Galicia Nomeada recupera 4.000 microtopónimos en dous meses

Galicia Nomeada, así se chama a aplicación posta en marcha pola Real Academia Galega e a Xunta de Galicia para a recolleita colaborativa da microtoponimia. En menos de dous meses, introducíronse na plataforma máis de 4.000 topónimos de montes, leiras, fontes e mesmo penedos ou rochas da costa en 140 dos 313 concellos galegos, un traballo colectivo de grande valor que amosa a boa recepción cidadá.

Alén de compartir os nomes da terra e identificalos sobre a imaxe

aérea do territorio galego dispoñible na plataforma, achegaron audios coa pronuncia ou con lendas asociadas, e fotos de elementos de interese cultural como cruceiros, muíños, capelas, fontes ou pontes existentes na zona de traballo.

En canto ao traballo compartido polas persoas rexistradas, salientan as contribucións individuais dende Rianxo, onde a colaboradora Susana Silva achegou máis de 630 topónimos, e dende O Irixo, con máis de 509 topónimos incluídos por Xulio Dobarro. Destacan ademais achegas colectivas como os

1.025 topónimos xeorreferenciados en Silleda polo profesor Xoán Carlos García Porral máis o alumnado do IES Pintor Colmeiro.

Os máis de 4.000 microtopónimos que se incluíron no que vai de ano súmanse aos máis de 6.000 que durante a fase de probas da aplicación achegaron colaboradores como Alberte Reboreda, que documentou 2.150 en varias parroquias dos concellos de Mondariz, Mondariz Balneario, Covelo e Ceredo Cotobade; Ana Bravo, que recompilou 635 nas parroquias de Isorna e Leiro, en Rianxo; ou

Revista Mazarelos



No Museo de Ribadavia presentouse o primeiro número da revista “Mazarelos”, coa presenza de Xosé Ramón Pousa, Antonio Míguez Amil, Lucas Sánchez Taboada e Mateo Martínez Torres.

Rocío Romar, que identificou medio milleiro na parroquia de Baio, no concello de Zas, e noutras parroquias do concello de Malpica.

Malia a boa marcha do pro-

xecto, son aínda moitos os concellos pendentes de incorporarse a Galicia Nomeada. As persoas interesadas en colaborar poden contactar con Galicia Nomeada.

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49

guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD

36860 PONTEAREAS - GALIZA - T. 986 64 12 69
redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Departamento propio e axencias
publicidade@novasdoeixoatlantico.com

Fotografía: Hernández e departamento propio
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Rocío Rodríguez – Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – M. Rguez. Alonso – X. Maure – Uxío Breogán – Pérez Lema – X. Glez. Mtnez. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Témez Fernández – Isidoro Gracia – Roberto Carlos Mirás – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño – Manuel Estévez – PORTUGAL: Hilaria Albertina Dantas Antelo – Viale Moutinho – Manso Preto – Isabel Varela – João Martinho – MADRID: Juan Louzán – BARCELONA: Fdez. Valdeorra – PAIS BASCO: Nicolás Xamardo – CANARIAS: Fco. Puñal – NOVA IORQUE: Fco. Álvarez (Koki).

Fotografía: Hernández – A. Gutiérrez – M. Preto – Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – X. Marín – Xosé Manuel Fernández Montes (Hermanager Produccións) – Ignacio Hortas – Francisco Puñal – Felix Ronda – Fuco Prado – Sex – Ortifus (España) – Omar Pérez (Galicia) – Mauricio Parra (Colombia) – Cébula (Polonia) – J.Bosco e Fernández (Brasil) – Marlene – Pohle (Arxentina) – Guy Badeaux (Canadá).

Depósito legal: VG-14/2017



Xornal Cultural
para o Lecer

Opinión

Manuel Xiráldez, miñoto arabense

Mosteiro de Melón en Arbo: O Foro do Rial (ano 1.666) Cavaduras de viña na cabeza e o quiñón en pesqueiras e naseiros

I. O mosteiro de Melón (s.XII-s XIX): un gran Señor cun gran dominio no sur de Galicia.

Desde o século XII (fundación en 1142 ou 1158), o Mosteiro de Melón convertérase no sur de Galicia nun gran Señor cun gran dominio sobre unha ampla área xeográfica pola provincia de Ourense (Melón, Ribadavia, Avión, Allariz e Verín) e pola provincia de Pontevedra (Vigo, O Morrazo, Redondela, A Cañiza, Crecente, Arbo e Salvaterra). Este poder e influencia xa se rexistra no Aravo medieval nos séculos XII-XIII e o extenso dominio continúa nos séculos XVI- XVII-XVIII.

O mosteiro organizou a súa riqueza patrimonial e explotación dos seus dominios mediante o sistema de graxas, que eran

explotacións agrícolas afastadas do mosteiro nun principio cultivadas polos irmáns conversos que residían nelas e que só acudían ao mosteiro os días festivos ou domingos para cumprir cos preceptos. Cando os irmáns leigos que se atopaban á fronte das explotacións comezaron a escasear, os monxes comezaron a admitir colonos. Con esta forma de explotación controlábase e organizábase un territorio determinado e ao mesmo tempo conseguíase unha especialización produtiva segundo a zona. Esta especialización produtiva levou ao auxe económico do mosteiro unha vez que os monxes promoveron a implantación do cultivo do cereal e de viñedos nas terras favorables para o cultivo da vide.

Se o século XV foi tempo de decadencia

e desorde espiritual e moral, de situación de caos e desordes internas nas ordes monásticas, de relaxación de costumes, de abusos por parte da nobreza laica e dos señores da rexión contra as súas propiedades (como as rapinas de Álvaro de Sotomayor e outros), a partir do século XVI o Mosteiro de Melón, incorporado á Congregación de Castela en 1506, pon en marcha unha reforma e leva a cabo unha reorganización económica dos bens monásticos para garantir con iso a subsistencia da comunidade, baseada no cobro das rendas forais e o pago decimal cun sistema centrado principalmente no cultivo do cereal, tanto de trigo como de millo (o millo groso ou americano é introducido no mosteiro no século XVII), e de viño.

Estas fontes de ingresos permitirán o abastecemento do mosteiro ata o século XIX, a mellora e ampliación dos espazos monásticos desde mediados do século XVI, que se atopaban en estado de abandono desde fins



da Idade Media, e o inicio de obras e reformas para substituír as antigas igrexas medievais, dando lugar nesta etapa a unha nova arquitectura caracterizada pola monumentalidade artística (por exemplo, a substitución das antigas cubertas de madeira polas bóvedas estreladas, o que mellorou a sonoridade dos templos, o traslado do coro a posicións elevadas, espazos máis iluminados,...).

Santa María de Melón chega á Idade Moderna sen ser aquel "gran señor" que fora nos séculos XII e XIII, pero conservando un extenso dominio do que seguirá sacando bo proveito en épocas posteriores

(O texto completo poden lelo en : www.novasdoeixoatlantico.com)

Por Nemésio Barxa

A dupla vara de medir

Sinto total desinterese en todo o que se debate no Congreso dos Deputados, pois escasos son os acordos que teñen como protagonista a Galiza ou bem, neses poucos, se nos considera como únicos beneficiados de aqueles projectos que na realidade compartimos, como é o caso do Ave, que se nos vende como investimento na Galiza quando tanto beneficia ao madrileño que vem a Galiza como ao galego que vai a Madrid. Mas a intensidade verbal do debate nas passadas sesións de control ao executivo reclamou minha atención e melhor fora continuar indiferente pois a temática, longe de referir ou enfocar todos os problemas sociais e económicos pendentes neste país, tinham como alvo Venezuela e se um senhor ministro podía ou non devia ou o tinha feito falar con a vice-presidente venezolana ou se esta pisou terra ou só o chão do avión, todo seguido de ameazas, pedidos de demisión, rexeitamento, denuncias nos julgados, etc.

Alem da pouca (ou nenhuma) confianza que nos podem ofertar os que se dizem nosos representantes, que en realidade só representan os intereses dos partidos políticos nos que militan e a travesso dos que comem (pois na realidade a comida a proporcionamos nos, os cada vez mais po-

bres súbditos de esta monarquía anacrónica), o ardente debate fixo-me pensar nas varas de medir tanto desiguais que se utilizan na política. Venezuela é uma arma arrojada que se emprega para opacar os verdadeiros problemas, e seguir com a trécola de se no goberno están comunistas e amigos de Maduro.

Não pretendo analizar a situación de Venezuela, aínda que rexeito todas as noticias de imprensa interesada en denostar ao legítimo goberno venezolano. E aquí entra a dupla vara de medir. En América latina os movementos migratorios, os fugidos das fames, da falta de traballo, do assassinato, da guerra e agresión aos dereitos humanos máis básicos dá-se em países como Equador, Honduras, Paraguai e já não digamos em Colômbia; a inseguridade e nivel de assassinatos em México é das máis elevadas, pese a todos os esforços que realiza o goberno do presidente AMLO; a xenofobia e o racismo destacan nos EEUU; a pesar diso do único que se nos fala, para anatematizalo, é de Venezuela; há fame, há emigración, não tenho dados certos, mas nos outros países citados e algúns máis se forman caravanas de nacionais que atravessem parte do continente para intentar pasar a EEUU; nas caravanas de emigrantes

não se nos di que haja venezuelanos; entre as mitedumes ao pé da fronteira com EEUU não se fala de que se totem venezuelanos; chegam noticias de venezuelanos fugidos animados pola propaganda da oposición que retornam ao país e lamentam haver escoitado cantos de sereia dos contrários a Maduro que depois incumprírom suas promessas de casa e traballo em Colombia.

Já digo, não pretendo avaliar a situación interior de Venezuela pois as noticias que recibemos em nada são fiáveis. Incluso as de haver utilizado o PP a través da embaixada espanhola em Venezuela dólares do mercado negro para as eleccións Só comparar essas outras noticias que se deslizan inadvertida e ocasionalmente na imprensa oficial e que nos da por um momento información do que não se fala e menos comparativamente.

O tratamento não só tem o diferente que deixamos comentado, também a nivel de tratamento de gobernos. Em quarentena o goberno de Maduro que, ao cabo, é um presidente elegido democraticamente e numas eleccións que não forem impugnadas, que forma seu goberno e que é reconhecido por todas as institucións da nação, que é o que dirige (já sigo sem entrar se bem ou mal) a vida e o día a día no país o que organiza a economía e paga aos funcionarios públicos, que tem seu representante na ONU e que se relaciona com todos os

países do mundo excepto EEUU, os ibero-americanos máis reacionários e a UE; o goberno real é o do presidente Maduro, mas os mencionados países rexeitam a Maduro para inventar uma nova caste de presidentes da nação, o presidente encarregado, para o que escolhem neste caso a alguém que não foi votado para a presidencia e que carece de qualquer relevância e efectividade no interior, só serve para enredar e como mandarin dos escasos cinquenta países que lhe dão tal reconhecemento. Mentras, esses países, mantemem relações e reconhecemento com o goberno golpista de Bolivia, culpável de assassinatos, mortes e prisión de democratas e de cidadãos que defendem a validez das eleccións não impugnadas que derom a vitoria a Morales.

E mentras a dupla vara de medir resulta evidente ocultam que outro país da América latina, Argentina, ampara aos cidadão espanhóis, súbditos de esta monarquía franquista-borbónica aos que se nega amparo judicial em Espanha para reclamar indemnizações como ex-prisioneiros dos campos de extermínio nazis, para que num julgado de Buenos Aires se tramite este proceso indenizatório.

Quinta do Limoeiro, febreiro do 2.020.



Un ERE en toda regra ! 800.000 laborais da administración pública, afectados polo fraude de lei

Somos un colectivo de mulleres que traballamos na Xunta de Galicia, Consellería de Sanidade concretamente no Servizo de Tarxeta Sanitaria.

Levamos máis de 20 anos traballando, este servizo naceu, medrou e desenvolveuse con nós.

Empezamos como contratadas nunha consultora por obra ou servizo, aló polo ano 1996. En vista de que esta obra e servizo non tiña fin, optamos como outras tantas persoas por denunciar á Administración. Gañamos esa reclamación e convertéronnos en laborais indefinidos non fixos por sentenza. Algunhas destas sentenzas son do ano 2009, polo que a Administración tivo máis de 10 anos para facer un proceso de consolidación de emprego, como marca a lei e recollen as sentenzas, que nunca chegou.

En calquera caso, tendo en conta que o servizo nace no ano 1995, que non parou de medrar en persoal e funcións dende a súa creación, e que levamos todo o tempo

traballado exercendo funcións propias de persoal funcionario, as traballadoras cremos ter acreditado os nosos méritos e capacidade. Temos experiencia suficiente como para acreditar igualdade, mérito e capacidade profesional. A Administración non está actuando como debería, pois pasados tantos anos hai desigualdade e inxustiza, porque ademais de desempeñar o noso traballo, a idade non é a idónea para poñernos a estudar unha oposición en menos de 4 meses, que nos venden como unha consolidación que non é tal, pois é unha oposición libre á que pode presentarse todo o mundo.

Agora a Administración convoca un concurso-oposición disfrazado de proceso de consolidación, onde inclúe as prazas que nós ocupamos. E recalamos isto, porque hai certas prazas ocupadas por persoas que están na nosa mesma situación, e que non se inclúen nesta nin en ningunha outra convocatoria de provisión de postos.

Por que tanto apuro agora en resolver

en 4 meses unha situación que creou a administración, e mantivo no tempo, hai xa 25 anos. Por que non fan unha proceso acorde ás nosas circunstancias como teñen feito noutras ocasións? Ex: Punto final no Sergas, consolidación mediante batería de preguntas na TV de Galicia, memorias sobre o traballo etc.

Vese claramente a ineficacia e desinterese da Administración polo que poida repercutir á cidadanía directamente, xa que como exemplo unha das funcións do servizo de Tarxeta Sanitaria é a recepción dunha media de 5000 chamadas mensuais, onde ofrecemos apoio e información a todos os centros de

saúde, hospitais, farmacias, xerencias de atención primaria, delegacións territoriais de sanidade..., e a cidadanía en xeral.

Por que tanto apuro agora en resolver en 4 meses unha situación que creou a Administración, e mantivo no tempo, hai xa 25 anos?.

Temos que insistir que neste servizo estamos afectados todo o persoal. Somos persoas con nomes e apelidos, e con familias que dependen de nós.

Esta oposición non crea emprego, destrúeo porque nos botan a uns para meter a outros, trátase dun ERE encuberto. Non somos un código de praza.



Por Ramón Coira Luaces

Coma ovellas entre lobos

Eu tive unha formación cristiana da que non renego, pero o cristianismo haino que adaptar aos novos tempos e con frecuencia faise todo o contrario e convértese en arma de opresión. Vin con bos ollos a Teoloxía da liberación, pero a Igrexa reprimiuna e acabou sendo unha vía morta. Hai moita xente, de natureza pacífica, que se ve obrigada a vivir coma ovellas entre lobos... Como os lobos do 36, que acabaron coa democracia, coa

vida e coa esperanza de moitísimas persoas. Esa xente é un perigo e non son de fiar. Naquel entón, Galicia, non era maioritariamente fascista, todo o contrario, pois acababa de aprobar o seu Estatuto de Autonomía nun plebiscito popular cos 2/3 do censo. Porén foi presa fácil do fascismo porque non tiña autogoberno nin medios para defenderse. Con maior ou menor heroísmo e dignidade, o pobo galego fixo o que puido para resistir e sobrevivir, aínda

que moit@s non o conseguiron e outr@s acabaron nos campos de concentración. Pagamos un prezo moi alto por esa derrota. Unha revista española como "Interviu", supostamente progresista, dicía na Transición que a culpa da Guerra Civil foi dos galegos. Claro, queremos o mesmo estatus do pobo vasco e o catalán e iso é difícil de dixerir para o españolismo rancio, afeito a ter os galeg@s como criad@s ou subordinad@s durante séculos. É fácil botarlle a culpa aos galegos, pero o berce do fascismo está en España, non en Galiza. Onde prolifera é en España,

non en Galiza. A Franco escollérono os xenerais fascistas, non o pobo galego. O pobo galego escolleu, por exemplo, a CASTELAO. E os homes emulleres do BNG, do pasado e do presente, cos seus erros e acertos, foron na miña opinión- @s que mellor gardaron e invertiron esta herdanza, enriquecéndoa e actualizándoa no tempo. Longa vida ao BNG! (Unha ovella negra)



Homenaxe ás e aos gardas civís demócratas

O FORO "La Región" homenaxeou a un oficial da Garda Civil, de cuxo nome non quero acordarme, condenado por torturas e indultado polo Sr. Aznar, outro "constitucionalista" de pro. A

Garda Civil, coas súas excepcións, ten un pasado negro no que atinxe aos dereitos humanos individuais e colectivos. Porén eu si homenaxearía aos gardas civís demócratas, que intentaron crear un sindicato,

que pediron converterse en policía autonómica galega e civil, aos que falan galego nunha institución refactaria á pluralidade lingüística (e nacional) e aos que son acosados por este motivo, por ser lesbiana ou por calquera outra cuestión ilóxica que non guste aos mandos ou aos compañeiros. Homenaxearía ás vítimas inocentes e non aos verdugos. Pero o FORO "La Región" e a Deputación de Ourense son PP. E ese é o "constitucionalismo" do PP, de

Cidadáns, de VOX e dalgúns máis... Tamén homenaxearía ás e aos que son boas persoas e procuran prestar un servizo de seguridade á cidadanía; pero desde a desconfianza que me inspira unha Institución dirixida desde Madrid. En canto ao seu sufrimento nun pasado recente, enténdoo perfectamente e vivino de perto desde a miña infancia, porén a democracia é moi bonita e paz e a Galiza que moit@s queran afogar tamén.

Opinión

Cadernos da viaxe

Por Xoán Antón Pérez-Lema

Sair a gañar o partido

O antecipamento electoral para o 5-A decidido por Núñez Feijóo sorprendeu sen facer os deberes a todas as forzas políticas-agás en parte ao BNG-. Malia esta vantaxe inicial non foi unha semana positiva para o do PP, disturbado por unha progresiva conciencia cidadá de estar a sufrir unha grave deterioración da sanidade pública (velaí a potente demostración popular do pasado 9-F), as moitas sospeitas que xera a legalmente moi dubidosa fichaxe da ex conselleira Beatriz Mato por Greenalia e máis a incomodidade do prendemento do director de Pemex que asinou a merca do 51% de

Barreras pola mediación da Xunta.

É posíbel que o dos Peares repita a maioría absoluta, mais non é o máis probábel, porque Vox quitará non tan poucos votos e seica Cs, como forza estatal, non ature doadamente a súa desaparición das mesas galegas. Sempre, abofé, que a oposición actúe con intelixencia e non presente máis candidaturas ca as dos espazos PSOE, a esquerda estatal de Podemos e EU e máis a soberanista galega que nuclearía o BNG. O 5% de limiar que lexislou Fraga no 1993 funciona deste xeito. Se hai tres candidaturas nos eidos do centro-esquerda é probábel substituír Núñez

Feijóo o 5-A. Se hai catro ou cinco o actual presidente quitará outravolta a absoluta.

Presentar unha candidatura soberanista distinta á do BNG suporá a irrelevancia da falla de representación parlamentaria, colaborando eficientemente á maioría absoluta popular ao fragmentarmos o voto. Mais este axioma non habería agachar a necesidade de que o BNG integre a pluralidade do soberanismo galego, consciente da existencia de milleiros de persoas neste eido alleas á fronte para i) evitar efectos desta caste e ii) constituir unha alternativa soberanista, interclasista e transversal que sexa quen de quitar unha representación que mesmo poida achegarse ou sobardar a do PSdeG, cualificando a participación galeguista nun futuro Go-

berno galego.

O soberanismo externo ao BNG está constituído polos partidos nacionais En Marea e CXG, pola plurimunicipal Terra Galega, por varias candidaturas locais (varias con alcaldías ou pasadas alcaldías) e por centos de persoas independentes. Por si propios son irrelevantes, por xunto son moi importantes para estruturar a máis potente alternativa que pode formular o soberanismo galego.

Na política compre a prudencia. Mais tamén, cando compre, a afouteza. **Nas ligas onde gañar engade tres puntos e empatar só un compre sair a gañar o partido.**



Garantir os nosos cartos

A falcatrúada da ministra Montero á conta dos 200 M€ recadados polo IVE na Galicia en decembro de 2017 acadou o rexeitamento xeralizado da cidadanía. Mais cómpre tirar deste fío para entendermos a inxustiza dun sistema de financiamento que condena á insuficiencia de recursos á sanidade galega e demais servizos públicos.

200 M€ son o 8% dos 2500 M€ adebedados ás CC.AA. todas, agás Euskadi e Na-
farroa que recadan cadanseus impostos. Logo recadamos por IVE bastante máis

que o que nos cómpre por PIB (5,5% do total estatal) conxunto do Estado. Isto quere dicir que a actividade económica real é moi superior á contabilizada a prol de Galicia. Por exemplo, PSA e Alcoa teñen o seu domicilio fiscal fóra do País e computan fóra.

Os número son abraiante. No 2017 recadáronse 12.214 M € de impostos, dos que só uns 7.650 M€ voltaron ao Orzamento da Xunta vía financiamento do Estado. Os 4700 M€ da diferenza fican en Madrid. Porén, hai que pagar os policía, defensa,

xuros da débeda e demais servizos estatais. Mais non valen 4.700 M€/ano. Euskadi paga entre 1300 e 1550 M€ co 6,24% do PIB estatal. Galicia, co 5,5% habería pagar uns 150-200 M€ menos. Si, botaron ben a conta: perdemos (por non dicilo doutro xeito) 3300-3400 M€/ano que van a Madrid e non volven.

Os nosos concellos reciben do Estado só o 3,3% dos fondos de financiamento local, cando por poboación nos cumpre o 5,2%. Porque Madrid financia directamente cada concello priorizando a súa poboación. Velaí a perda de 600 M€/ano que mellorarían o financiamento dos servizos públicos locais en Galicia.

O unionismo centralista adoita opór a

estas punxentes realidades a insuficiencia das cotizacións galegas á SS para financiarmos as prestacións que percebemos na Galicia. Mais se os impostos son cuestión de territorios as pensións pertencenlle ás persoas. Moitos pensionistas galegos gañaron o seu dereito de pensión cotizando fóra do noso País. Mesmo o seu ventureiro regreso a Galicia no outono da súa vida supón unha tensión engadida para o financiamento da sanidade pública galega.

Xa que logo, votemos para financiarmos os nosos servizos recadando os nosos impostos, sen acreditarmos na ladaíña dunha inexistente solidariedade que só tenta anular o noso autoaprezo.

Por José Paz Rodríguez

Professor aposentado da Universidade de Vigo, Presidente da ASPGP e Académico da AGLP

Carvalho Calero foi também um excelente educador

Por sorte, este ano a RAG acertadamente decidiu dedicar a comemoração das Letras Galegas ao grande galeguista, literato, filólogo e educador, Ricardo Carvalho Calero. Por este motivo este ano vão sair à luz numerosas publicações a ele dedicadas, algumas das que já saíram do prelo nos primeiros meses deste ano. Embora, não hão de ser muitas as dedicadas à sua importante faceta de educador, um tema bastante esquecido no seu excelente labor ao largo da sua vida. Por isto, hoje eu quero lembrar, porque muito o merece, o seu labor pedagógico dirigindo o colégio Fingoi luguês, rendendo-lhe assim a homenagem a uma pessoa que sempre apreciei e valorei. Como filólogo, infelizmente não lhe deixaram

ser o nosso Pompeu Fabra. Mas os que sim o apreciamos o consideramos como tal. Já tenho escrito vários artigos nos últimos anos dedicados à sua figura tão respeitável, tão importante, tão digna e tão senheira. Esta vez quero falar de uma sua faceta muito pouco conhecida embora de grande importância e interesse. Quero escrever sobre o seu labor de pioneiro pedagógico, como um educador modélico que seguia os princípios educativos da Instituição Livre do Ensino (I.L.E.), criada por Francisco Giner de los Rios em 1876, com a colaboração de outros professores. E continuada pelo grande pedagogo, discípulo seu, Manuel Bartolomé Cossío. Considero este movimento pedagógico como o mais importante que houve na Europa



até meados dos anos trinta, em que foi proibido pelos fascistas. Carvalho Calero conhecia perfeitamente o pensamento educativo de ambos e o levou à prática no Colégio Fingoi de Lugo, que dirigiu desde 1950, até que entrou como professor de língua e literatura galega na Faculdade de Filosofia e Letras compostelana a finais dos sesenta. Primeiro como interino e logo como catedrático, o primeiro da nossa universidade para ensinar a nossa

língua. Que continuou ensinando usando estratégias didáticas renovadoras e institucionistas. Também foi muito importante para a sua formação pedagógica o ter sido, desde abril de 1927 até 1936, membro ativo do Seminário de Estudos Galegos (SEG), ocupando por bastante tempo a sua secretaria geral. Lamentavelmente, a dia de hoje, ainda não recuperamos os galegos esta interessante instituição, tema que comentei no meu último artigo. Como sim o fizeram, com as suas respeitavas, bascos e catalães.

Podemos considerar a Carvalho por todo isto como o verdadeiro pioneiro da renovação pedagógica da escola galega. O que pudo fazer, em anos tão duros como os cinquenta, num centro privado de vanguarda como o Fingoi luguês. Com o apoio do empresário filântropo António Fernández López, que inscreveu os seus filhos e os dos seus amigos e irmãos neste centro, criado com a sua ajuda económica. (*continúa na web..*)

(O texto completo poden lelo en : www.novasdoeixoatlantico.com)



Especial Chantada

Redacción LUGO

Chantada compra dúas casas para biblioteca e o arquivo

O goberno do Concello de Chantada investirá máis de medio millón de euros na compra de dúas casas no casco antigo. O novo espazo será aproveitado para levar a cabo unha reorganización completa dos servizos municipais, que nestes momentos xa están separados en catro edificios distintos, sen contar cun baixo alugado polo Concello para o voluminoso arquivo municipal. As dúas casas atópanse na Praza do Cantón, xusto á beira da actual casa do concello, e na Rúa do Curro, moi preto da sede da Policía Local. A com-

pra precisa dun investimento conxunto de 550.000 euros para a que o alcalde, Manuel Lorenzo Varela, pediu o aval do pleno. A proposta foi aprobada cos votos dos concelleiros do Partido Popular e do grupo Por Chantada, e coa abstención dos socialistas.

Unha vez autorizada a compra, o Concello buscará financiamento para adaptar estes edificios para o seu novo labor e levar a cabo os traslados. "Temos que recolocar varios servizos -explicaba o alcalde logo de que o pleno municipal autorizase a operación-, pero aínda está por decidir de

qué maneira o facemos". Os responsables municipais propóñense abrir consultas co persoal que traballa nos servizos susceptibles de ser trasladados dentro desta reorganización. O goberno municipal propónse tamén preguntar aos diferentes grupos políticos presentes na corporación. Entre as necesidades máis urxentes está a habilitación dun espazo suficiente para o arquivo municipal. O Concello paga nestes momentos o aluguer dun baixo particular porque non ten sitio en ningún dos edificios de titularidade municipal. Tamén está na axenda



Praza do Cantón co Consistorio ao fondo.

atopar un bo espazo para a biblioteca pública, sen as barreiras arquitectónicas que dificultan o acceso na súa localización actual, e acondicionar un lugar para que

sirva de salón de plenos. Os plenos municipais celébranse agora no piso superior da Casa da Cultura, en cuxa planta baixa ubícase a biblioteca.

ENONATUR, un proxecto vitivinícola que activa o rural e pon en valor o traballo dos viticultores na Ribeira Sacra

Se o éxodo rural segue acontecendo, unha forma de combatelo é xerando motores económicos nos lugares afectados pola despoboación. En Galicia existen proxectos sostibles que están apostando pola habitabilidade de concellos rurais, visibilizando o valor de profesionais que viven e traballan do campo e creando espazos de oportunidade para a retención do talento.

Enonatur é unha empresa comprometida co viño, coa terra e coas súas xentes, creada polo enólogo Roberto Regal no ano 2008 na Ribeira Sacra. A súa preocupación polo futuro do rural galego, a inquedanza por facer viños de gran calidade e o desafío de facer rendible e sostible a viticultura, levouno a crear este proxecto vital. "Loitamos para que un viticultor teña o mesmo prestixio que un médico que un mestre ou un carpinteiro... que poida facer unha viticultura que se traduza en viños singulares, apostando por unhas variedades, un territorio e unha paisaxe".

Enonatur é un proxecto que crea viños de autor no contexto dunha viticultura de calidade, diferenciada e sostible, e ofrece

a enófilos de todo o mundo a posibilidade de ter un viñado propio en réxime de aluguer para facer un viño de seu. Baixo a tutela de Roberto Regal e do seu equipo, cada cliente "autor do seu viño" pode elixir o seu grao de implicación no traballo do viñado e na adega, e así acadar o seu propio coñecemento


enolóxico.

Para Enonatur a figura do viticultor é fundamental porque son profesionais que coñecen ben o hábitat e o proxecto, interpretando metódicamente a situación no terreo. Este é un proceso artesanal que equilibra deste xeito a cantidade en favor da calidade, e coída da preservación da pranta.

Unha viticultura tradicional e aberta á innovación que recolle o sabio legado de xeracións de viticultores da Ribeira Sacra, que tira proveito das innovacións tecnolóxicas procurando a mínima intervención, e con técnicas de cultivo respectuosas coa biodiversidade.

Roberto Regal creou Enonatur

hai máis de dez anos coa vontade de contribuír activamente á recuperación do medio rural por catro vías: dignificando a viticultura como traballo especializado e complexo, creando valor para os viños da Ribeira Sacra, impulsando a economía local e preservando a terra, a paisaxe e a cultura vitivinícola.



ENONATUR

CONSTRÚE A TÚA EXPERIENCIA VITIVINÍCOLA

Chantada organiza catas dos seus viños a profesionais e aficionados

O Concello de Chantada organiza para os días 6, 7 e 8 de marzo de 2020 a 38ª edición da Feira do Viño co seguinte programa. Venres 6 de marzo ás 20:00 apertura de casetas das adegas participantes. As once da noite, actuación da orquestra Solara. O sábado 7 de marzo ás once da mañá, pasarrúas dos gaiteiros da Escola tradicional de Música de Chantada, grupo Zanfonas da Tradescola de Lugo e Searas. Ás trece horas, concerto ofrecido pola Banda de Música de Chantada. Ás cinco da tarde actuacións das charangas: UniónPhenosa, Festicultores, grupo de Zanfonas da Tradescola de Lugo e Searas. Desde as cinco ata as sete do serán, V cata popular e as nove da noite, actuacións das orquestras Garibaldi e Saudade.

O domingo 8 de marzo ás 10.30 horas cata oficial e media hora máis tarde pasarrúas ofrecido polos gaiteiros Os Barrios. Media hora máis tarde actuará a charanga NBA e ás 12.30 a banda de Gaitas do Concello de Chantada. Ás 12:45 será a lectura do manifesto con motivo da Día Internacional da Muller. Posteriormente actuará o grupo Searas. Á unha da tarde Ricardo González



A de Chantada é a primeira feira do viño do ano na Ribeira Sacra.

Fernández ofrecerá o pregón e ás tres será o xantar oficial. Ás catro da tarde entregaránse os premios da feira e actuarán as charangas NBA, Ardores e a orquestra Esencia.

Haberá obradoiros e ocioteca infantís a cargo de Velaisca para maiores de tres anos na Casa da Música do auditorio municipal.

Os horarios de sábado e domingo son: de 12:00 a 14:00 e de 16:00 a 20:00.

Celebrarase o primeiro Tunel do viño para profesionais do sector na sala principal do auditorio municipal. O sábado e o domingo de 11.30 a 14.00 e de 18.00 a 20.30. A entrada será de 10 euros.

Dous cedros libaneses tallaos na Praza de Galicia

A Praza de Galicia, que será escenario da Feira do Viño de Chantada, terá dúas árbores menos este ano. Dous cedros libaneses duns trinta anos de idade foron cortados e o Concello explica que esta especie non é recomendable para un centro urbano. Segundo expertos, o cedro libanés presenta unha importante fragilidade nas ramas e as súas raíces teñen un nivel de crecemento moi elevado, polo que poden provocar deterioracións no pavimento das rúas ou as beirarrúas, un problema que se estaba dando neste punto de Chantada. O Concello recibira hai tempo a recomendación de retirar os cedros. A sección de parques e xardíns esperou a recibir a orde do goberno municipal para proceder á súa tallao que aconteceu nestes días.





A Galicia que queremos.

*Candidato do PSdeG-PSOE
á Presidencia da Xunta*

GONZALO CABALLERO

Xornada Idea Galicia Lab

+ MULLERES

POR UNHA GALICIA EN FEMININO

SÁBADO, 29 FEBREIRO

12.00 HORAS

SANTIAGO

Por Moncho Mariño

Entrevista a Bieito Alonso, historiador

“O anarquismo permitía mobilizarse na Galicia de comezos do século XX”

Bieito Alonso (Ourense, 1958) é licenciado en Xeografía e Historia. A Editorial Galaxia publicou recentemente o seu libro *Anarquistas galegos en América*. É unha investigación que o levou principalmente a Cuba, Arxentina e os Estados Unidos, onde os grupos anarquistas tiveron profusión e por iso mesmo, foron dos grupos máis perseguidos polas forzas políticas e policiais, sobre todo en EE UU.

-Como lle espertou o interese polos anarquistas galegos que levaron adiante a súa actividade en América, sobre todo a comezos do século XX?

Eu xa levo desde hai tempo unha liña de traballo fundamentalmente seguindo a actividade dos mariñeiros, fogoneiros e anarquistas dentro da área de Nova York. Interesábame a emigración desas características aos EE UU. A partir de aí comezaron a aparecer vínculos entre as diferentes investigacións. Si son especialista en investigar o anarquismo, mais o que realmente me interesa son as migracións e particularmente a EE UU, que é un mundo menos coñecido. Agora empeza a haber máis referencias.

-Máis referencia que os galegos en Newark?

Si, claro, porque cuantitativamente a nosa presenza foi moito menor que en Arxentina, Uruguay ou Brasil. Si é certo que hai uns feitos diferenciais como que os traballadores de alí, (Estados Unidos) se incorporan, dunha maneira ou de outra ao anarquismo. A partir de aí aparecen as conexións e o que realmente me interesa é por que se fan anarquistas na emigración. Hai xente que xa ten contacto cos movementos anarquistas, mais a maioría son persoas

moi novas que non teñen unha ideoloxía definida. Interésame entón como encaixan dentro do trasnacionalismo e a constitución de redes de relación, ademais de quen son as persoas con maior relevancia.

-O anarquismo foi unha das ideoloxías con máis prédicas en Galicia, encontrou explicación a isto?

A miña referencia é Tui, que é unha vila con tradición conservadora. Mais houbo movementos ata o 1936 como o anarquismo e agrarismo. Investigando este punto, detectamos a presenza dalgún emigrante que fora a América e adoptara o ideario anarquista. Isto trae a constitución dunha célula arredor dun anarquista retornado. Dentro da Galicia daquel momento, apenas industrializada, o anarquismo ofrece unha oportunidade de mobilización que non ofrece por exemplo, UGT. O reparto espacial entre CNT e UGT, responde a unhas características, como que a CNT está en determinadas vilas, sobre todo mariñeiras, porque o mundo do mar é algo que ninguén atende, por ser un mundo complexo. Tamén entra nas profesións artesanais. Aí vemos que é xente de pegada ao terreo e moi pragmática.

-Houbo un esañamento contra o anarquismo tanto desde os poderes estatais como de partidos de esquerda. Isto é ou foi así?

É normal que o anarquismo crease tanta tensión. Primeiro, eu uso unha denominación xenérica, porque o anarquismo son moitos anarquismos. Mesmo entre eles tiñan claras as diferenzas entre o que era un anarcocomunista e un anarcosindicalista, porque aceptan a organización, non así un individualista. Realmente era unha ideoloxía molesta sobre todo para os movementos de esquerda, sobre todo comunistas, porque o anarquismo ataca o que é a estrutura xerarquizada. Tamén introduce algo que choca con postulados socialistas e comunistas, o excecpticismo cara a acción política. As relacións entre socialistas e anarquistas tiñan algún punto en común, mais entre comunistas e anarquistas era imposible e moitas veces acababan con enfrontamentos directos.

-Aplicáronse políticas represivas contra o anarquismo por igual nos países onde había galegos e galegas anarquistas?

Existían as denominadas leis de exclusión que naceron ao abeiro das reunións entre gobernos europeos, latinoamericanos e de



EE UU. Son leis de inmigración mais que teñen apartados que din tal cal “expulsar elementos indeseables”. De aí veñen deportacións, mais a maioría dos deportados regresaban clandestinamente. Sobre todo en América do Sur, onde o anarquismo era máis poderoso en termos cuantitativos e cualitativos.

-Cales serían os referentes galegos do anarquismo en América?

Por facer unha pequena relación. Un dos máis destacados para min, foi Luis Barcia, un señor de Ribadeo, aínda que nacera no País Vasco. É o primeiro anarquista de orixe galega que

se manifesta como tal. O seu percorrido é moi destacable, porque está en Nova York, en Miami ou en Cuba. É como unha especie de axente de creador de sinerxías organizativas. No cono sur, hai tres persoas en Buenos Aires, Antonio Aboredo, Joaquín Ucha e José María Acha, que eran da zona de Arousa. En Uruguay está Adrián Troitiño que organizara sindicatos de panadeiros e repartidores de xornais. Tamén hai dúas mulleres importantes, unha era Juana Buela e María Collazo. Logo en Estados Unidos estaba Manuel Rei que era dunha aldea de Valdeorras, que acabou preso logo dun macroproceso.

www.novasdoeixoatlantico.com

Araújo (Cs): "Jácome denigra a imaxe de Ourense e da propia figura de alcalde"

O Grupo Municipal de Cidadáns formalizou, de novo, unha moción relativa para mellorar o comportamento e a educación do alcalde de Ourense, Gonzalo Pérez Jácome, nas sesións plenarias e en xeral no exercicio do seu papel como rexedor. O portavoz do Grupo Municipal, José Araújo, sinalou que "nos vimos na obrigación de retirala do pasado pleno pola ausencia do alcalde para debatela" e insistiu en que se trata de "unha cuestión fundamental porque se ha denigrado a imaxe do Concello de Ourense, da corporación municipal así como da propia figura do alcalde, algo que el mesmo provocou cos seus constantes insultos e palabras malsonantes".

Araújo manifestou que é "importante que Jácome estea presente porque se trata dunha moción que vai dirixida a el" e insistiu en que "levou a imaxe do Concello e da cidade a nivel nacional con cuestións ridículas coas que nunca deberíamos ser



José Araújo, de Cidadáns.

noticia e todo isto co consentimento do Partido Popular". "Dá-nos a sensación de que quere faltar aos plenos do mesmo xeito que faltan os concelleiros ás xuntas de área", insistiu.

O portavoz de Cs Ourense lembrou que desde que aterrou o líder de Democracia Ourense á vida pública, o salón de plenos converteuse nun estudo de televisión ao máis puro estilo do chamado telelixo. "Unha situación que fai diminuír a confianza dos cidadáns para a clase política buscando permanentemente o minuto de ouro con palabras

malsonantes, insultos e comportamentos histriónicos, condutas ditatoriais e faltando ao respecto a calquera asociación que se achegue para reclamar os seus dereitos e que nada teñen que ver cun debate político beneficioso para a cidade", sinalou Araújo. Advertiu que "a situación é intolerable e que o Pleno debe ser o fiel reflexo do sentir da sociedade e dos veciños de Ourense, xa que somos os concelleiros os primeiros que debemos dar exemplo e estar nun debate político de altura, máis se cabe sendo alcalde da cidade".

Campionato de España Absoluto de Atletismo en Expourense



Galicia acollerá por primeira vez un campionato onde se darán cita uns 500 deportistas que representan o máis alto nivel do atletismo nacional.

O secretario xeral para o Deporte, José Ramón Lete Lasa, presentou o 56º Campionato de España Absoluto de Atletismo en Pista Cuberta que terá lugar entre o 29 de febreiro e o 1 de marzo na pista cuberta de atletismo de Ourense. Foi inaugurada pola Xunta de Galicia o pasado 18 de decembro de 2017 como unha das tres mellores de España e a que conta coa tecnoloxía máis moderna.

Lete Lasa recoñeceu que, tras a celebración de grandes campionatos de España como o sub 20 en 2018 e o máster en 2019, a pista de atletismo de Ourense "cobra todo o sentido ao acoller outro dos eventos para os que se fixo, neste caso o histórico Campionato de España Absoluto de atletismo meses antes de que dean comezo os Xogos Olímpicos de Toquio nos que tamén estarán moitos dos atletas que virán a Ourense".

Expourense prepara Previsel 2020



Primera reunión do comité asesor de Previsel.

Previsel, Salón da Prevención e Seguridade Laboral prepara a súa 15ª edición que terá lugar en Expourense os días 16 e 17 de abril consolidado xa como unha cita imprescindible para todos os axentes sociais involucrados na prevención, xa que é o único salón destas características que se celebra en Galicia. Expourense acolleu a primeira reunión do comité asesor no que se apuntaron os temas que se abordarán

a través do amplo programa de actividades co que sempre conta esta cita. Inclúirá conferencias e talleres especializados que terán o obxectivo de sensibilizar da necesidade de contar con formación en materia de seguridade e prevención de riscos e nesta edición prestarase especial atención á saúde dos traballadores analizando aspectos como a contaminación ambiental, aspectos legais ou a medición de tensión.

Ourense e Montalegre estreitan lazos de cooperación

O alcalde de Ourense, Gonzalo Pérez Jácome, e o presidente da Cámara Municipal de Montalegre (Portugal), Orlando Alves, selaron o compromiso de estreitar lazos culturais e comerciais, así como de divulgación dos seus eventos máis senlleiros, caso das 'Noite das Bruxas' que se celebran cada venres 13 desde 2002 na localidade lusa, e que congregan 40.000 persoas.

Pérez Jácome adiantou que o 3 de marzo se celebrará unha rolda de prensa en Ourense para anunciar a vindeira noite meiga de Montalegre, un evento que sen dúbida axudará a relanzar a procesión do medo que se celebrará en Ourense o 31 de outubro, e que vai camiño de converterse nun "clásico" da programación cultural e social.

O seu homólogo, Orlando Alves, celebrou "os lazos de cooperación e proximidade



Orlando Alves e Gonzalo Pérez Jácome.

transfronteiriza" entre as dúas cidades, e remarcou a ligazón cultural e comercial existente. Á súa vez, comprometeuse a manter o compromiso de estar "uns á disposición de Ourense en todas as iniciativas que se celebren dun lado e do outro".

O PSdeG entregou ó Consello de Contas documentación do reparto a dedo de Baltar de 160 contratos menores

O PSdeG-PSOE entregou ó Consello de Contas de Galicia, un milleiro de folios coa documentación anexa á denuncia sobre o “reparto a dedo” de sete millóns de euros da Deputación de Ourense, “fragmentados de forma presuntamente irregular en 160 contratos menores de obra” entre catro empresas, executado por Manuel Baltar ó longo dos dous últimos anos. Tamén trasladaron extensa documentación sobre o mesmo proceder do goberno provincial bipartito PP-DO nos contratos menores de subministración e servizos.

O ente fiscalizador das contas e da xestión económico-financieira do sector público galego ten agora un prazo de tres meses para pronunciarse sobre a cuestión, ó amparo da súa competencia para investigar denuncias sobre irregularidades na xestión de calquera das entidades que integran o sector público da comunidade

autónoma.

Os socialistas salientan que, trala entrada en vigor da nova Lei 9/2017 sobre contratos públicos, o goberno de Baltar repetiu estas adjudicacións menores, en moitos casos con importes exactamente iguais, no borde do límite máximo, independentemente do obxecto e sempre entre as mesmas empresas. Noutros casos directamente incumpriu o límite legal por razón de cantidade. Sen embargo, este sistema de fraccionamento supostamente irregular non é novo e coa anterior normativa de contratación o proceder era moi similar.

O voceiro do PSdeG-PSOE, Rafa Villarino, asegura que o Consello de Contas “deberá determinar se Baltar, ademais de incumplir o espírito da lei de contratos, tamén executa actos supostamente ilegais que parecen unha cadena de favores”. O socialista salienta que existe una “violación evidente”

da legalidade en “polo menos 15 obras menores superiores a 40.000 euros, o límite que establece a legalidade, e ata 10 contratos de servizos superiores a 15.000 euros, o outro tope fixado”. “Case todas as obras que adjudican a dedo teñen sospeitosamente o mesmo importe, cando se trata de obras de natureza completamente distinta” o que, segundo o voceiro, “tamén evidencia outras presuntas ilegalidades que, en primeira instancia, debe clarexar o ente fiscalizador galego”. “Non descartamos outras accións legais posto que, ó longo do último lustro, estamos a falar de adjudicacións menores que suman decenas de millóns de euros”, asevera.

Paralelamente á instrucción contable e fiscal solicitada a Contas, o PSdeG-PSOE de Ourense tamén acaban de impulsar a constitución dunha comisión especial de investigación na Deputación —a súa creación deberá ser votada



Juan Carlos Francisco, Nacho Gómez, Rafa Vilariño e Diego Fernández.

no pleno do día 28 de febreiro—, para indagar o proceder político e administrativo do Goberno de PP e Democracia Ourensana.

Desde o 1 de xaneiro de 2018 a Deputación adjudicou á empresa ‘Manuel Viso e Hijos’ 1,9 millóns en 58 contratos menores. A continuación sitúanse ‘Camiños de Ourense’ con 1,5 millóns en 40 contratos; ‘Coviastec’ con 1,4 mi-

llóns e 38 contratos; e Explotacións Medioambientais con 0,8 millóns en 24 contratos. A todos os importes de adjudicación destas obras en decenas de concellos da provincia hai que engadir o IVE. Nesta análise non se teñen en conta os cartos recibidos por estas mesmas empresas con contratos adjudicados polo procedemento ordinario mediante concurso.

O alcalde busca na Xunta melloras para A Peroxa



Ángeles Vázquez e Manuel Seoane.

A conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez, e o alcalde da Peroxa, Manuel Seoane, mantiveron unha reunión para analizar as necesidades e demandas deste concello de Ourense en materia de infraestruturas urbanas. O alcalde trasladoulle á conselleira a necesidade de actuar nas zonas e rúas céntricas no núcleo urbano da Peroxa, co fin de harmonizar a estética das rúas, mellorar o mobilidade urbano e facer máis se-

gura e accesible, tanto para peóns como para o tráfico rodado.

A conselleira indicoulle o seu compromiso para estudar as posibilidades do seu departamento para colaborar nesta actuación de humanización no centro da localidade. Recordou que a Xunta pon a disposición dos concellos varias liñas de axudas para o desenvolvemento de intervencións urbanísticas, coas que mellorar as infraestruturas, os servizos e os equipamentos municipais.

A conselleira na residencia de maiores de Castro Caldelas



Visita á residencia de anciáns de Castro Caldelas.

A conselleira de Política Social, Fabiola García, acudiu á Residencia de Maiores de Castro Caldelas, onde compartiu experiencias cos seus usuarios. Fabiola García destacou o servizo residencial que se presta neste centro emprazado no municipio ourensán e que conta con 36 prazas. A conselleira

de Política Social salientou que as administracións públicas teñen que achegar solucións tanto para aqueles maiores que deciden permanecer nas súas casas e parroquias e tamén para os que requiren atención nun centro residencial. A conselleira estivo acompañada da alcaldesa Sara Inés Vega Núñez.

Xornada de traballo e formación de EFA Piñeiral de Arzúa na Delegación da Xunta en Madrid

Mozos de A Coruña pasan unha semana na Comunidade de Madrid para coñecer outras iniciativas e experiencias que complementen os seus estudos

A Delegación da Xunta en Madrid/Casa de Galicia acolleu a celebración da “XORNADA DE FORMACIÓN EFA PIÑEIRAL DE ARZÚA” na que preto dunha vintena de alumnos de Formación Profesional de “Comercio e Marketing” e de “Panadería e Pastelería” de EFA PIÑEIRAL de Arzúa (A Coruña) coñeceron iniciativas e experiencias de diferentes profesionais que desempeñan o seu traballo en Madrid, co obxectivo de que sirvan de coñecemento, inspiración e posible exemplo para a futura vida laboral dos estudantes.

O delegado da Xunta en Madrid e director da Casa de Galicia José Ramón Ónega deulles a benvida á institución galega “onde tedes a vosa casa”, díxolles. “A ver se algún día presentades aquí as vosas creacións. Sería un orgullo para nós”.

O coordinador de Actividades da Casa, Ramón Jiménez e a responsable de Comunicación, Rosa Figueroa explicaron aos estudantes o primeiro epígrafe do programa previsto: “O papel dun gabinete de comunicación institucional. Puente informativo entre colectividades e tecido empresarial e os medios de comunicación” e

“As funcións da Casa”, entre as que está a de difundir e promocionar na Capital de España “todo o relacionado con Galicia”.

Os estudantes tamén puideron coñecer unha iniciativa emprendedora da man do fundador de Murph_media, Román Iglesias. “O papel da Asociación de Empresarios Galegos en Madrid, AEGAMA”, a cargo da súa directora Isabel Noriega. “A marca como motor de negocio” (pastelería), por Laura Cardenal e Eduardo Contreras da empresa SELECTRA; e “O poder dunha idea, MOMOC. Empresa de calzado sostible”.

Os alumnos viaxaron acompañados pola xefa de estudos e profesora de Informática e comercio electrónico, María Jesús Limés; a profesora de Comercio e marketing, Berta Cobo; e da responsable de proxectos de EFA Piñeiral de Arzúa, Mary Espiñeira.

A xornada na Casa de Galicia enmárcase dentro da “SEMANA DE FORMACIÓN NOUTRA COMUNIDADE AUTONOMA: MADRID” na que os alumnos das EFA visitan diferentes lugares, empresas e instalacións nas que reciben charlas e exposicións que complementen a súa formación como futuros traballadores dos campos



Foto de Familia. De EFA Mary Espiñeira, Berta Cobo, María Jesús Limés; da Xunta, o delegado en Madrid José Ramón Ónega e o coordinador de Actos Ramón Jiménez, co alumnado de EFA Piñeiral.

seleccionados. Entre as actividades previstas nesta ocasión, (ademais das xa citadas na Casa de Galicia) figuran: Visita ao Palacio Real; Madrid dos Austrias; Catedral da Almudena; Teatro Real e Ópera; Mercado de San Miguel; Praza Maior; Porta do Sol; Visita Técnica á Pastelería de Oriol Balaguer, (mellor Chef pasteiro da Academia Internacional de Gastronomía 2018. Mellor tenda gastronómica 2008); Visita Técnica a Pan.Delirio, Obradoiro de pan Artesanal; Traballo de investigación (Barrio de

Salamanca): Zara + Corte Inglés + restaurante StreetXo (xadería hnos. Roca); Froitas Vázquez; Visita Técnica: A Real Fábrica; Traballo de Investigación: Mercado de San Antón – Mercado de San Ildefonso – A Tita Rivera; Actividade Cultural: Museo do Prado; Faladoiro Técnico: Estratexias de Venda a Clientes Estranxeiros, O Corte Inglés (Paseo da Castellana); Traballo de Investigación. Zara Castellana; Visita Técnica: Danone; Visita Técnica: Apple (Porta do Sol); Traballo de Investigación:

Primark (Gran Vía). Un completísimo programa para os preto de vinte alumnos capaz de combinar visitas profesionais e técnicas sen por iso esquecer as culturais.

As EFA (Escolas de Formación Agraria) son centros de Formación Profesional que contan cun 90% de inserción laboral en máis de 200 empresas acolledoras, grazas á metodoloxía de alternancia aula-empresa. En Galicia hai tres: Na Coruña EFA Piñeiral (Arzúa) e EFA Coristanco; e en Pontevedra, A Canela (As Neves).

jba
servicios
inmobiliarios

Francisco de Moure 22 Baixo, Ourense
988 10 20 75 629 83 67 48
www.inmobiliariajba.com
jba.couto@gmail.com

Servizos
Ourense

Publicidad - Eventos
678 578 161
www.servizosourense.es

CARNICERÍA
MARIVAN

abierto los domingos

C/Faustino Santalices - esquina Pablo Picasso - Ourense
Tlf. 639 58 04 30

Orixe
PUBLICIDADE E COMUNICACIÓN
988 60 70 75

Diseño - Impresión - Rotulación - Merchandising
www.orixepublicidade.es
Rúa Francisco de Moure 20 • Ourense

Publicidade



ARCADE
RESTAURANTE-CERVECERÍA

Cocina Gallega

Corazón de María 43
28002 (Madrid)

Reservas:
910 746 730



CANTALEJO
RESTAURANTE-CERVECERÍA


C/ TOLEDO, 48 - 28005 Madrid
Tel.: 913 661 302



CERVECERÍA
SAN MILLÁN

Benigno Cives
Movil: 620 535 298
www.cerveceriasanmillan.es
info@cerveceriasanmillan.es

C/ Toledo Nº61
28005 Madrid
Tfn.: 91 354 69 64



COMPOSTELA 57
GALICIA EN MADRID

C/ CORAZÓN DE MARÍA, 57 (MADRID)
TEL. 910 18 28 71
- CELEBRACIONES Y EVENTOS -



EL CAMAROTE
RESTAURANTE

Plaza Puerta de Moros, 8
28005 Madrid
Telf.: 913 483 920
info@restaurantecamarote.es

CERVECERÍA-RESTAURANTE
La Parrilla de Galicia

Plaza Tirso de Molina, 7
28012 - Madrid
☎ 91 369 02 40 - 91 429 37 63 - 91 429 50 30
📠 646 483 631



0 sabor de Galicia en Madrid



Cervecería
Restaurante
ARCADE
Cocina Gallega

Especialidad en Cocina Gallega y Carnes a la Parrilla

C/ MAYOR, 73 - 28013 MADRID
Tfn.: 914 314 093

info@restaurantearcade.es
www.restaurantearcade.es



La Parrilla del Embarcadero

José Antonio Tomé

- COMIDAS DE EMPRESA
- COMIDAS A LA CARTA
- CUMPLEAÑOS
- BAUTIZOS
- COMUNIONES, ETC...

LAGO DE LA CASA DE CAMPO, S/N
TELÉFONO DE RESERVAS
91 463 10 24
info@laparrilladel embarcadero.es



Restaurante Cervecería
O' Faro Finisterre
Especialidad: Cocina Gallega

ANDRÉS SAIZ

C/ Jacometrezo, 15, 28013, Madrid
Reservas: 91 547 42 40
www.farofinisterre.com



Padrón
Restaurante

C/ San Bernardo Nº 56
Tfn.: 91 704 52 53
28015 - Madrid

Facebook: EL PADRON
elpadronsanbernardo56@gmail.com



PEPITA PULGARCITA
www.pepitapulgarcita.es

MADRID:
Pza. Manuel Becerra, 17
28028 (Madrid) | Tel. 91 805 25 38
pepita.madrid@pepitapulgarcita.es

MURCIA:
Pza. Boixas, 3
30001 Murcia | Tel. 968 971 669
info@pepitapulgarcitamurcia.com
www.pepitapulgarcitamurcia.com

VALENCIA:
Ayda de las Cortes Valencianas, 20
46015 Valencia | Tel. 960 041 705
pepita.valencia@pepitapulgarcita.es



CASCORRO UNO
Cocina Gallega

Menús
Mariscos

Se hacen reservas

Tf. 91 429 66 90
cascorrouno@gmail.com
Plaza de Cascorro, 1 Madrid

O Pereiro e Esgos terán sendas peonís na estrada OU-536



Reunión no Concello do Pereiro de Aguiar.

A conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, Ethel Vázquez, informou do inicio do proceso de información pública do proxecto de execución de dúas sendas peonís na estrada OU-536 ao seu paso polos núcleos de Santa Baia e As Vendas, nos concellos do Pereiro de Aguiar e Esgos. Coa publicación no Diario Oficial de Galicia da exposición pública e o trámite expropiatorio desta actuación, iniciase o prazo para que os veciños poidan consultar toda a información, dispoñendo ata o vindeiro 31 de marzo para presentar as súas alegacións e suxestión de mellora.

Na reunión de traballo mantida en Pereiro de Aguiar co alcalde Luís Menor e o de Esgos, Mario Rodríguez, así como cos veciños destes municipios, Vázquez Mourelle estivo acompañada polos técnicos da Xunta. Na mesma explicáronse os trámites administrativos e os principais datos deste proxecto na estrada autonómica que une a capital con Castro Caldelas e Trives. En conxunto, o inicio da exposición pública destas novas sendas en Esgos e O Pereiro de Aguiar supoñen un total de 3,3 km e un investimento

estimado de 1,1 M€.

Trátase de dúas novas sendas, unha en Santa Baia, de 2,3 km, e outra nas Vendas, duns 800 metros, que aportarán maior mobilidade aos veciños e veciñas da zona, así como unha mellor conexión co transporte público, para o que se prevé a instalación de catro novas marquesiñas.

Na xuntanza explicouse tamén que ambos itinerarios foron deseñados cunha anchura mínima de 1,8 metros e con pavimento de formigón coloreado, para ofrecer unha adecuada integración estética e cubrir todas as necesidades para as persoas con mobilidade reducida. Ademais, as obras se complementan con cunetas de seguridade, franxa verde e bordillo para separar o tráfico rodado dos peóns. Unha vez rematado este prazo, a Axencia Galega de Infraestruturas analizará en detalle o seu contido e incorporarán as achegas que sexa posible para, a continuación aprobar o proxecto e licitar as obras. Estas actuacións incluíronse no Plan de Sendas de Galicia da Xunta e ten iniciada a súa tramitación para a súa cofinanciación cos Fondos FEDER 14/20.

O Pereiro recupera o Roteiro dos Muíños

O Pereiro de Aguiar puxo en marcha un proxecto para a recuperación do Roteiro dos Muíños, para mellorar unha senda natural para o uso de veciños e visitantes. Os primeiros traballos iniciáronse en Loñoá, nas inmediacións da área recreativa das Pontes, e discorren río abaixo, ata o encoro de Cachamuiña.

Desta forma habilitarase un roteiro que abarcará 16 quilómetros dunha contorna natural, e que inclúe a recuperación de varios muíños situados a beira do río Lonía. Integrantes do obradoiro de emprego Terras do Mosteiro encárganse de realizar os traballos. O Concello do Pereiro xa solicitou unha subvención á Dirección xeral de Turismo, coa intención de poder sinalizar o roteiro e tamén que se está traballando para seguir am-



Área recreativa Tapada de Bouzas.

pliando o roteiro cara a Armariz, xa no Concello de Nogueira de Ramuín, outra zona natural de gran beleza xa incluída na Ribeira Sacra.

Este proxecto completárase con outro tramo máis, desde o encoro ata Mende, xa na capital, a través do Castro de Santomé. "Con isto conseguiríamos unir o Ourense termal co Pereiro de Aguiar natural", sinalou Luís Menor, alcalde do Pereiro, que asegura que se trata de "un proxecto moi bonito".

Campaña para incorporar voluntarios a Protección Civil do Pereiro

O Concello do Pereiro de Aguiar pon en marcha unha campaña de captación de voluntarios para Protección Civil. Segundo o alcalde "esta campaña ten como obxectivo potenciar este voluntariado, buscando entre os veciños de Pereiro novos candidatos interesados en reforzar a agrupación existente, incrementando o seu número de voluntarios". Pereiro de Aguiar é un claro exemplo do sistema integrado de Protección Civil e Emerxencias, e o municipio conta dende o

ano 2014 cun grupo profesional, o GES de Pereiro, que atende as emerxencias que se producen en oito concellos da área periurbana de Ourense. Ademais dispón da AVPC (Asociación de Voluntarios de Protección Civil) de Pereiro de Aguiar, que foi fundada no ano 1993, e conta na actualidade con 21 voluntarios e 9 candidatos a ser voluntarios de protección civil. No Pereiro son numerosas as actividades deportivas e culturais e a AVPC faise necesaria para colaborar na seguridade destes eventos.



C/ Ervedelo, 15 - ourense
① 988 23 44 99
698 14 82 07

VEN...

www.clubtosca.es
Sala de Fiestas Music-Hall



ceramos los domingos